

IES XERMÁN ANCOCHEA QUEVEDO

INFORMACIÓN  
ACADÉMICA E  
PROFESIONAL  
3º ESO

DEPARTAMENTO DE ORIENTACIÓN

2013/2014

**A información contida nesta guía  
baséase na lexislación vixente ata maio de 2014**

<b>LIMIAR</b>	<b>4</b>
<b>ORGANIGRAMA DAS ENSIANZAS DE RÉXIME XERAL.</b>	<b>5</b>
<b>ORGANIZACIÓN DO CUARTO CURSO DE ESO.</b>	<b>6</b>
<b>OPCIÓN ACADÉMICAS E PROFESIONAIS AO REMATAR A ESO.</b>	<b>8</b>
<b>BACHARELATO.</b>	<b>9</b>
<b>BACHARELATO PARA PERSOAS ADULTAS.</b>	<b>11</b>
<b>FORMACIÓN PROFESIONAL.</b>	<b>12</b>
<b>CICLOS FORMATIVOS DE GRAO MEDIO.</b>	<b>13</b>
<b>ENSIANZAS DE RÉXIME ESPECIAL: CICLOS DE GRAO MEDIO DE ARTES PLÁSTICAS E DESEÑO.</b>	<b>15</b>
<b>ENSIANZAS DE RÉXIME ESPECIAL: ENSIANZAS TÉCNICO-DEPORTIVAS DE GRAO MEDIO.</b>	<b>16</b>
<b>PROGRAMAS DE CUALIFICACIÓN PROFESIONAL INICIAL (15-21 ANOS).</b>	<b>17</b>
<b>OFERTA DE PROGRAMAS DE CUALIFICACIÓN PROFESIONAL INICIAL.</b>	<b>19</b>
<b>EDUCACIÓN SECUNDARIA PARA PERSOAS ADULTAS (NIVEL II).</b>	<b>21</b>
<b>OBTENCIÓN DO TÍTULO DE GRADUADO EN EDUCACIÓN SECUNDARIA MEDIANTE PROBA LIBRE.</b>	<b>22</b>
<b>ACCESO A CICLOS FORMATIVOS DE FORMACIÓN PROFESIONAL MEDIANTE PROBA.</b>	<b>23</b>
<b>ENSIANZAS DE RÉXIME ESPECIAL: MÚSICA, DANZA E IDIOMAS.</b>	<b>24</b>
<b>OPCIÓN ACADÉMICAS E PROFESIONAIS AO REMATAR O BACHARELATO.</b>	<b>29</b>
<b>CICLOS FORMATIVOS DE GRAO SUPERIOR.</b>	<b>30</b>
<b>ESTUDOS UNIVERSITARIOS.</b>	<b>35</b>
<b>ENSIANZAS DE RÉXIME ESPECIAL: ARTES PLÁSTICAS E DESEÑO</b>	<b>44</b>
<b>ENSIANZAS DE RÉXIME ESPECIAL: ENSIANZAS ARTÍSTICAS SUPERIORES DE GRAO EN ARTES PLÁSTICAS E DESEÑO.</b>	<b>45</b>
<b>ENSIANZAS DE RÉXIME ESPECIAL: ENSIANZAS ARTÍSTICAS SUPERIORES DE GRAO EN CONSERVACIÓN E RESTAURACIÓN DE BENS CULTURAIS.</b>	<b>46</b>
<b>ENSIANZAS RÉXIME ESPECIAL: MÚSICA,DANZA E ARTE DRAMÁTICA.</b>	<b>47</b>
<b>ENSIANZAS DE RÉXIME ESPECIAL: ENSIANZAS TÉCNICO-DEPORTIVAS DE GRAO SUPERIOR.</b>	<b>48</b>
<b>ACCESO A CICLOS FORMATIVOS DE F.P. DE GRAO SUPERIOR MEDIANTE PROBA.</b>	<b>49</b>
<b>BOLSAS E AXUDAS AO ESTUDO.</b>	<b>51</b>
<b>DIRECCIÓN INTERESANTES DE ORIENTACIÓN LABORAL</b>	<b>52</b>

## LIMIAR


Esta guía pretende achegar ao noso alumnado a información sobre as diferentes opcións académicas e profesionais que se lles ofrecen unha vez rematado o seu paso polo ensino de carácter obrigatorio.

A orientación académica e profesional debe ser entendida coma un proceso educativo de axuda e asesoramento para a toma de decisións vocacionais, dirixida ao alumnado e ás súas familias.

Dentro deste proceso, debemos ter en conta diferentes aspectos que contribúen a fomentar a madurez vocacional das nosas alumnas e alumnos:

- **COÑECEMENTO DUN MESMO OU AUTOCONCEPTO:** este coñecemento supón reflexionar sobre como un é: as súas capacidades, intereses, motivacións, valores, personalidade, situación académica, aspectos familiares e de relación social, ...
- **COÑECEMENTO DO CONTORNO,** neste caso tanto das oportunidades académicas e profesionais que brinda o sistema educativo, como das posibilidades laborais que ofrece o mercado de traballo.
- **TOMA DE DECISIÓNS,** entendida coma un procedemento para abordar un proxecto persoal de vida, que guíe decisións autónomas e responsables baseadas na adecuación das características e expectativas persoais aos requerimentos das opcións académicas e laborais que se lle ofrecen.

# SISTEMA EDUCATIVO



□ TITULACIÓN ○ REQUISITO DE ENTRADA ● PROBA DE ACCESO

## ORGANIZACIÓN DO CUARTO CURSO DE ESO.

Todo o alumnado deberá cursar neste curso as seguintes materias:

**Ciencias sociais, xeografía e historia; Educación ético-cívica; Educación física; Lingua galega e literatura; Lingua castelá e literatura; Matemáticas; Primeira lingua estranxeira.**


Ademais das materias relacionadas no punto anterior, todo o alumnado deberá cursar **tres materias** de entre as seguintes: **Bioloxía e xeoloxía; Educación plástica e visual; Física e química; Informática; Latín; Música; Segunda lingua estranxeira e Tecnoloxía.**

Todo o alumnado cursará neste cuarto curso **unha materia optativa**

Coa finalidade de orientar a elección do alumnado, poderán establecerse **agrupacións destas materias en diferentes opcións**, tal e como se indica a continuación:

<b>Materias</b>	<b>ITINERARIO 1</b> orientado ao bacharelato de ciencias e tecnoloxía	<b>ITINERARIO 2</b> orientado ao bacharelato de ciencias e tecnoloxía	<b>ITINERARIO 3</b> orientado ao bacharelato de HH. e CC. Sociais
<b>Obrigatorias</b>	<b>Física e química Bioloxía e xeoloxía</b>	<b>Física e química Tecnoloxía Plástica</b>	<b>Música Latín</b>
<b>Optativas</b>	<b>Escoller dúas</b>	<b>Escoller unha</b>	<b>Escoller dúas</b>
	<b>Plástica Informática Francés OInE</b>	<b>Informática Francés OInE</b>	<b>Cultura clásica Informática Francés OInE</b>

**E DESPOIS DA ESO...**



**¿QUE?**

## OPCIÓN ACADÉMICA E PROFESIONAL AO REMATAR A ESO.

<b>CON TÍTULO DE GRADUADO EN EDUCACIÓN SECUNDARIA OBRIGATORIA</b>
* Bacharelato.
* Formación Profesional Específica (grao medio)
* Ensinanzas de Réxime Especial: <ul style="list-style-type: none"><li>• Artes Plásticas e Deseño: ciclos de grao medio (Proba específica de acceso)</li><li>• Ensinanzas técnico-deportivas de grao medio (Proba específica de acceso)</li></ul>
* Oposicións (18 anos): <ul style="list-style-type: none"><li>• Garda civil:<ul style="list-style-type: none"><li>○ Título de ESO ou outro equivalente ou superior. Válida a proba de acceso a ciclos de grao medio.</li><li>○ Máis información en <a href="http://www.guardiacivil.es">www.guardiacivil.es</a></li></ul></li><li>• Policía nacional:<ul style="list-style-type: none"><li>○ Título de ESO, ou equivalente, ou superior.</li><li>○ Máis información en <a href="http://www.policia.es">www.policia.es</a></li></ul></li><li>• Forzas Armadas:<ul style="list-style-type: none"><li>○ Nivel 3: Título de ESO, título de Técnico ou equivalentes.</li><li>○ Máis información en <a href="http://www.reclutamiento.defensa.gob.es">http://www.reclutamiento.defensa.gob.es</a></li></ul></li><li>• Oposicións ao grupo C2.</li></ul>
<b>SEN TÍTULO DE GRADUADO EN EDUCACIÓN SECUNDARIA OBRIGATORIA</b>
⇒ Programas de cualificación profesional inicial (15 - 21 anos).
⇒ Educación Secundaria para persoas adultas.
⇒ Título de Graduado en educación secundaria obrigatoria mediante proba libre. <ul style="list-style-type: none"><li>• 18 anos cumpridos o día anterior á data na que se celebren as probas.</li><li>• Alumnado con 18 anos cumpridos no ano natural no que rematan a ESO e cun máximo de cinco materias non superadas.</li></ul>
⇒ Acceso a Ciclos Formativos de FP/artes plásticas/ensinanzas deportivas mediante proba: <ul style="list-style-type: none"><li>• Ciclos de grao medio (proba con 17 anos, cumpridos no ano no que se celebra a proba).</li><li>• Ciclos de grao superior (proba con 19 anos, cumpridos no ano no que se celebra a proba).</li></ul>
⇒ Forzas Armadas: <ul style="list-style-type: none"><li>• Nivel 2: 2º curso de ESO aprobado na súa totalidade.</li></ul>
<b>CON E SEN TÍTULO DE GRADUADO EN EDUCACIÓN SECUNDARIA OBRIGATORIA</b>
☒ Ensinanzas de Réxime Especial: Música, Danza e Idiomas.
☒ Formación ocupacional: informarse nas oficinas de emprego.
☒ Acceso ao mundo laboral: <ul style="list-style-type: none"><li>• Inscribirse no INEM, no Servicio Galego de Colocación, empresas de traballo temporal ...</li><li>• Informarse en sindicatos, concellos, asociacións de empresarios, axencias de desenvolvemento local ...</li></ul>



## BACHARELATO.

### ¿QUE É?

---

É unha etapa da educación secundaria, non obrigatoria, de dous cursos de duración, que poderán ser cursados polo réxime ordinario ou polo réxime de ensinanza de persoas adultas en calquera das súas modalidades: presencial, semipresencial ou a distancia. O alumnado poderá permanecer cursando bacharelato no réxime ordinario, con carácter xeral, un máximo de catro anos, consecutivos ou non.

### ¿COMO SE ORGANIZA?

---

#### \* MODALIDADES E MATERIAS:

Está organizado en tres modalidades: Artes, Ciencias e Tecnoloxía e Humanidades e Ciencias Sociais. En cada unha delas hai tres tipos de materias: comúns, de modalidade e optativas, das que o alumnado deberá cursar:

- o Todas as materias comúns establecidas en cada un dos cursos.
- o Tres materias propias de modalidade en cada un dos cursos das que cinco deberán ser da modalidade elexida.
- o Unha materia optativa en cada un dos cursos.

#### \* PROMOCIÓN:

Promocionarase ao 2º curso cando se superen todas as materias de 1º ou se teña avaliación negativa en dúas materias como máximo. Neste caso, deberanse matricular en 2º curso das materias pendentes de 1º.

Nas materias de contidos progresivos será preciso a superación da de primeiro curso para poder ser avaliada a de segundo.

#### \* PERMANENCIA DUN ANO MÁIS NUN MESMO CURSO:

- **alumnado que no 1º curso** obteña avaliación negativa en máis de dúas materias deberá cursar de novo o curso completo e será cualificado en todas as materias agás no caso de que algunha das materias xa superadas deixase de ser impartida no centro. Nestes casos poderá manter a cualificación obtida sen necesidade de matricularse nunha nova materia. Sen prexuízo do anterior, o alumnado con 3 ou 4 materias suspensas en 1º manterá a cualificación obtida anteriormente na mesma materia cando a nova cualificación sexa inferior (aplicarase na avaliación final ordinaria).
- **alumnado que ao finalizar 2º curso** teña avaliación negativa nalgunhas materias, poderá:
  - a) matricularse soamente das materias con avaliación negativa.
  - b) matricularse de todas as materias de 2º, logo de solicitalo á dirección, coa finalidade de mellorar as súas cualificacións. A este alumnado consideraráselle, nas materias que xa teña superadas, a cualificación obtida na nova convocatoria, sempre que esta sexa superior á anterior.

O alumnado que deba repetir 1º curso poderase matricular en calquera modalidade, sen que estea condicionado polas materias cursadas anteriormente. O alumnado que cursase o primeiro curso nunha modalidade poderá pasar ao segundo curso dunha modalidade distinta. En ambos casos, deberán solicitar o cambio á dirección do centro durante os dous primeiros meses no 1º curso e antes do comezo das actividades lectivas no segundo curso.

\*O alumnado poderá solicitar a **anulación da matrícula** á dirección do centro, **antes do 30 de abril**, por enfermidade prolongada, incorporación a un posto de traballo ou obrigas de tipo familiar ou persoal.

### ¿QUE TITULACIÓN PROPORCIONA?

---

Ao rematar o Bacharelato obtense o **título de Bacharel**, sempre que se superen **TODAS AS MATERIAS** dos dous cursos. A nota media do bacharelato será a media aritmética das cualificacións de todas as materias que configuran a modalidade cursada excepto relixión.

@máis información: <http://ciug.cesga.es/index.html>

## MATERIAS BACHARELATO

1º CURSO		Comúns	De modalidade	Optativas
MODALIDADES	Ciencias e Tecnoloxía	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Ciencias para o mundo contemporáneo.</li> <li>• Educación física</li> <li>• Filosofía e cidadanía</li> <li>• Lingua galega e literatura I</li> <li>• Lingua castelá e literatura I</li> <li>• Lingua estranxeira I</li> <li>• Relixión (opcional)</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Bioloxía e xeoloxía</li> <li>• Debuxo técnico I</li> <li>• Física e química</li> <li>• <b>Matemáticas I</b></li> <li>• Tecnoloxía industrial I</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• 2ª lingua estranxeira I</li> <li>• Tecnoloxías da información e da comunicación</li> <li>• Música</li> <li>• Antropoloxía</li> <li>• Literaturas hispánicas</li> </ul>
	Humanidades e CC. Sociais		<ul style="list-style-type: none"> <li>• Economía</li> <li>• Grego I</li> <li>• Latín I</li> <li>• <b>Hª do mundo contemporáneo</b></li> <li>• Matemáticas aplicadas ás ciencias sociais I</li> </ul>	
	Artes		<p><i>ARTES PLÁSTICAS, DESEÑO E IMAXE:</i></p> <ul style="list-style-type: none"> <li>• <b>Cultura audiovisual</b></li> <li>• Debuxo artístico I</li> <li>• Debuxo técnico I</li> <li>• Volume I</li> </ul> <p><i>ARTES ESCÉNICAS, MÚSICA E DANZA:</i></p> <ul style="list-style-type: none"> <li>• Análise musical I</li> <li>• Anatomía aplicada</li> <li>• <b>Cultura audiovisual</b></li> <li>• Linguaxe e práctica musical</li> </ul>	

ESCOLLER 1 MATERIA

2º CURSO		Comúns	De modalidade	Optativas
MODALIDADES	Ciencias e Tecnoloxía	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Historia de España</li> <li>• Historia da filosofía</li> <li>• Lingua galega e literatura II</li> <li>• Lingua castelá e literatura II</li> <li>• Lingua estranxeira II</li> <li>• Relixión (opcional)</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Bioloxía (Bioloxía e xeoloxía 1º)</li> <li>• CC. da terra e ambientais (Bioloxía e xeoloxía 1º)</li> <li>• Debuxo técnico II</li> <li>• Electrotecnia (Física e química 1º)</li> <li>• Física (Física e química 1º)</li> <li>• <b>Matemáticas II</b></li> <li>• Química (Física e química 1º)</li> <li>• Tecnoloxía industrial II</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• 2ª lingua estranxeira II</li> <li>• Ética e filosofía do dereito</li> <li>• Filosofía da ciencia e da tecnoloxía</li> <li>• Métodos estatísticos e numéricos</li> <li>• Xeografía e historia de Galicia</li> <li>• Literatura galega do século XX e da actualidade</li> <li>• Xeoloxía (con Bioloxía e xeoloxía de 1º)</li> </ul>
	Humanidades e CC. Sociais		<ul style="list-style-type: none"> <li>• Economía de empresa</li> <li>• <b>Xeografía</b></li> <li>• Grego II</li> <li>• Latín II</li> <li>• Matemáticas aplicadas ás ciencias sociais II</li> <li>• Literatura universal</li> <li>• Historia da arte</li> </ul>	
	Artes		<p><i>ARTES PLÁSTICAS, DESEÑO E IMAXE:</i></p> <ul style="list-style-type: none"> <li>• Historia da arte</li> <li>• <b>Técnicas de expresión gráfico-plástica</b></li> <li>• Deseño</li> <li>• Debuxo artístico II</li> <li>• Debuxo técnico II</li> </ul> <p><i>ARTES ESCÉNICAS, MÚSICA E DANZA:</i></p> <ul style="list-style-type: none"> <li>• Artes escénicas</li> <li>• <b>Historia da música e da danza</b></li> <li>• Literatura universal</li> <li>• Análise musical II</li> </ul>	

ESCOLLER 1 MATERIA

## BACHARELATO PARA PERSOAS ADULTAS.

Existen dúas opcións: modalidade presencial ou a distancia.

O Bacharelato de adultos a distancia presenta dúas modalidades:

- a. Bacharelato de adultos a distancia semipresencial: apoio de titorías presenciais.
- b. Bacharelato de adultos a distancia: apoio de titorías telemáticas.

<b>DESTINATARIOS</b>	<ul style="list-style-type: none"><li>• <b>Persoas con 18 anos cumpridos no ano natural.</b></li><li>• <b>Persoas maiores de 16 anos que teñan um contrato laboral ou sexan deportistas de alto nivel.</b></li><li>• <b>Persoas maiores de 16 anos que non poden asistir polo réxime ordinario por enfermidade ou impedimento físico (a distancia).</b></li><li>• <b>Persoas maiores de 16 anos que cursen ensinanzas regradas de Música ou Danza de Grao Profesional con incompatibilidade de horario co réxime ordinario.</b></li></ul>
<b>DURACIÓN</b>	<b>Dous cursos académicos</b>
<b>ORGANIZACIÓN</b>	<p>A matrícula será nos prazos establecidos con carácter xeral para a admisión do alumnado en bacharelato. Hai un período extraordinario de matrícula entre o 2 e o 13 de setembro.</p> <p><b>Matricularase no curso completo ou por materias.</b></p> <p>Os que o fagan na modalidade presencial poderán matricularse do curso completo ou por materias illadas correspondentes a 1º e 2º curso, <u>sempre</u> que exista compatibilidade horaria e non superen os 32 periodos lectivos semanais.</p> <p>Na modalidade presencial, poderase permanecer ata <b>seis anos</b> consecutivos ou non, cursando estas ensinanzas. Non serán computables os anos de escolarización no réxime ordinario. Na modalidade a distancia a permanencia é indefinida.</p> <p>Poderase autorizar a matrícula simultánea no bacharelato presencial e a distancia nalgúns casos.</p> <p>Permítese a mobilidade entre os diversos réximes de bacharelato. (ordinario, presencial, distancia) conservando as cualificacións positivas obtidas nas diferentes materias.</p> <p>Os centros autorizados para impartir ditas ensinanzas recóllense no DOG do 21 de xuño de 2010.</p>

@ Máis información: <http://www.edu.xunta.es/web/ea>

## FORMACIÓN PROFESIONAL.

### ¿QUE É?

É unha etapa da educación secundaria, **non obrigatoria**, que ten como finalidade capacitar ao alumnado para o desempeño cualificado das profesións, o acceso ao emprego e a participación activa na vida social, cultural e económica.

Cando non existan prazas suficientes seleccionárase ao alumnado en función da **nota media** do expediente académico da titulación que dea acceso ou, se é o caso, da **nota final das probas de acceso** á formación profesional.

### ¿COMO SE ORGANIZA?

Organízase en **familias profesionais** que comprenden un conxunto de **Ciclos Formativos** de Grao Medio (CM) e Grao Superior (CS) de formación teórico-práctica. A duración está entre 1300 e 2000 horas de formación (equivalen a 1 ou 2 cursos académicos), que se reparten entre o centro educativo e o centro de traballo.

### ¿QUE MATERIAS HAI QUE CURSAR?

As materias da Formación Profesional denomínanse **módulos** e teñen unha duración variable. Pódense agrupar en:

- **Módulos profesionais** nos que se traballan competencias, coñecementos e habilidades relacionadas co ciclo a cursar.
- **Módulo de Formación e Orientación Laboral**, que facilita a inserción no mundo laboral, con contidos relacionados coa lexislación laboral, as técnicas de busca de emprego, a prevención de riscos laborais...
- **Módulo de empresa e iniciativa emprendedora**, dirixido a fomentar a iniciativa emprendedora, a innovación e a creatividade na empresa.
- **Módulo de Formación en Centros de Traballo (FCT)**, que se realiza unha vez cursados os módulos anteriores, permite complementar as competencias profesionais en contacto directo co mundo das empresas e co mercado laboral.
- **Módulo de proxecto** (para ciclos formativos de grao superior).

### ¿QUE TITULACIÓN E SAÍDAS PROPORCIONA?

- **OS CICLOS FORMATIVOS DE GRAO MEDIO:** Título de **TÉCNICO**, que garantiza unha cualificación profesional para o desempeño dunha profesión. Dá acceso a:
  - ☞ Bacharelato.
  - ☞ Mundo laboral.
  - ☞ Ciclo Formativo de Grao Superior realizando unha proba de acceso (con 18 anos cumpridos no ano natural no que se realiza a proba, sempre que queira acceder a unha familia profesional incluída na opción á que opta; se non con 19).
    - ☞ Oposicións á función pública. Grupo C1.
- **OS CICLOS FORMATIVOS DE GRAO SUPERIOR:** Título de **TÉCNICO SUPERIOR**, que garantiza unha formación para traballar como autónomo/a ou como asalariado/a dirixindo equipos humanos formados por traballadores/as de inferior nivel de cualificación. Dá acceso a:
  - ☞ Estudos universitarios. Validación por créditos universitarios.
  - ☞ Mundo laboral.
  - ☞ Oposicións á función pública. Grupo B.

### RÉXIME PARA PERSOAS ADULTAS

Aquelas persoas con 18 anos ou que os cumpran no ano natural en que comeza o curso escolar (ou maiores de 16 que acrediten a súa condición de traballadores, e non podan acudir ao centro polo réxime ordinario ou deportistas de alto rendemento) poden optar polo réxime para persoas adultas.

@Máis información: <http://www.edu.xunta.es/fp>

## CICLOS FORMATIVOS DE GRAO MEDIO.

### 1. ACTIVIDADES FÍSICAS E DEPORTIVAS

- a. Condución de actividades físico-deportivas no medio natural (1400 horas)

### 2. ADMINISTRACIÓN E XESTIÓN

- a. Xestión administrativa (2000 horas)

### 3. AGRARIA

- a. Produción agroecolóxica (2000 horas)
- b. Produción agropecuaria (2000 horas)
- c. Aproveitamento e conservación do medio natural (2000 horas)
- d. Xardinaría e floraría (2000 horas)

### 4. ARTES GRÁFICAS

- a. Impresión en artes gráficas (1400 horas)
- b. Preimpresión dixital (2000 horas)

### 5. COMERCIO E MARKETING

- a. Comercio (1400 horas)

### 6. EDIFICACIÓN E OBRA CIVIL

- a. Construcción (2000 horas)
- b. Obras de interior, decoración e rehabilitación (2000 horas)

### 7. ELECTRICIDADE E ELECTRÓNICA

- a. Equipos electrónicos de consumo (2000 horas)
- b. Instalacións de telecomunicacións (2000 horas)
- c. Instalacións eléctricas e automáticas (2000 horas)

### 8. ENERXÍA E AUGA (non hai oferta de CM)

### 9. FABRICACIÓN MECÁNICA

- a. Mecanizado (2000 horas)
- b. Soldadura e caldeiraría (2000 horas)

### 10. HOSTALARÍA E TURISMO

- a. Cociña e gastronomía (2000 horas)
- b. Servizos en restauración (2000 horas)

### 11. IMAXE E SON

- a. Laboratorio de imaxe (1400 horas)
- b. Video disc-jockey e son (2000 horas)

### 12. IMAXE PERSOAL

- a. Estética persoal decorativa (1400horas)
- b. Peiteado e cosmética capilar (2000 horas)

### 13. INDUSTRIAS ALIMENTARIAS

- a. Panadaría, repostaría e confeitaría (2000 horas)
- b. Aceites de oliva e viños (2000 horas)
- c. Elaboración de produtos alimentarios (2000 horas)

### 14. INFORMÁTICA E COMUNICACIÓNS

- a. Sistemas microinformáticos e redes (2000 horas)

### 15. INSTALACIÓN E MANTEMENTO

- a. Instalacións de produción de calor (2000 horas)
- b. Instalacións frigoríficas e de climatización (2000 horas)
- c. Mantemento electromecánico (2000 horas)

**16. MADEIRA, MOBLE E CORTIZA**

- a. Instalación e amoblamento (2000 horas)
- b. Carpintería e moble (2000 horas)

**17. MARÍTIMO-PESQUEIRAS**

- a. Cultivos acuícolas (2000 horas)
- b. Mantemento e control de maquinaria de buques e embarcacións (2000 horas)
- c. Navegación e pesca de litoral (2000 horas)
- d. Operacións subacuáticas e hiperbáricas (2000 horas)

**18. QUÍMICA**

- a. Laboratorio (1300 horas)

**19. SANIDADE**

- a. Coidados auxiliares de enfermaría (1400 horas)
- b. Emerxencias sanitarias (2000 horas)
- c. Farmacia e parafarmacia (2000 horas)

**20. SEGURIDADE E MEDIO AMBIENTE (non hai oferta de CM)**

**21. SERVIZOS SOCIOCULTURAIS E Á COMUNIDADE**

- a. Atención a persoas en situación de dependencia (2000 horas)

**22. TÉXTIL, CONFECCIÓN E PEL**

- a. Confección e moda (2000 horas)

**23. TRANSPORTE E MANTEMENTO DE VEHÍCULOS**

- a. Electromecánica de vehículos automóbiles (2000 horas)
- b. Carrozaría (2000 horas)

@ Máis información:

<http://www.edu.xunta.es/fp>

<http://todofp.es/todofp>

## ENSINANZAS DE RÉXIME ESPECIAL: CICLOS DE GRAO MEDIO DE ARTES PLÁSTICAS E DESEÑO.

### ¿EN QUE CONSISTEN?

Son un tipo de ensinanzas de réxime especial que comprenden un conxunto de ciclos formativos que abordan a aprendizaxe das técnicas artísticas, así como os oficios artísticos tradicionais.

### ¿CAL É A OFERTA DE CICLOS FORMATIVOS DE GRAO MEDIO?

FAMILIA ARTÍSTICA	CICLO FORMATIVO	ONDE SE PODE ESTUDAR
ARTES APLICADAS Á ESCULTURA	GM Dourado e policromía artísticos	A Coruña
	GM Ebanistería artística	Ourense
ARTES APLICADAS AO LIBRO	CM Serigrafía artística	Lugo

### ¿COMO SE ACCEDE?

Hai dúas formas de acceder ás ensinanzas profesionais de Artes Plásticas e Deseño de grao medio: o acceso directo e o acceso mediante proba.

ACCESO DIRECTO	ACCESO MEDIANTE PROBA (realízanse no mes de setembro)	
	<i>Con título de E.S.O.</i>	<i>Sen título de E.S.O.</i>
<ul style="list-style-type: none"> <li>- Título de Técnico ou Técnico Superior de artes plásticas e deseño dunha familia profesional relacionada coas ensinanzas que desexa cursar.</li> <li>- Título de bacharel na modalidade de artes.</li> <li>- Título superior de artes plásticas/deseño/conservación e restauración de bens culturais.</li> <li>- Licenciatura en belas artes.</li> <li>- Arquitectura.</li> <li>- Enxeñería técnica en deseño industrial.</li> <li>- Un ano de experiencia laboral relacionada coas competencias profesionais do ciclo.</li> </ul>	<p><b>Proba específica:</b> 3 exercicios:</p> <p>1º.- desenvolvemento dun tema sobre artes plásticas e coñecementos histórico-artísticos.</p> <p>2º.- realización de debuxos e bosquejos sobre un tema proposto.</p> <p>3º.- execución cos bosquejos e debuxos realizados no segundo exercicio.</p> <p><i>Estarán exentos da proba específica quen acredite un ano de experiencia laboral relacionada coas competencias profesionais do ciclo.</i></p>	<p>Ter cumpridos <b>17 anos</b> e superar as seguintes probas:</p> <p><b>Proba de madurez:</b> contidos ESO</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>· 1ª parte: lingua galega, lingua castelá, científico-tecnolóxico e sociocultural (seleccionaranse tres materias).</li> <li>· 2ª parte: educación plástica e visual.</li> </ul> <p><b>Proba específica</b> (ver apartado "Con título de ESO").</p> <p><i>A proba de madurez poderá substituírse pola proba de acceso á universidade para maiores de 25 anos, pola proba de madurez a ciclos formativos de grao medio ou pola proba de madurez de grao medio de ensinanzas deportivas.</i></p>

@ Máis información: <http://www.edu.xunta.es/web/taxonomy/term/110>

**ENSINANZAS DE RÉXIME ESPECIAL: ENSINANZAS TÉCNICO-DEPORTIVAS DE GRAO MEDIO.**

Teñen como finalidade preparar o alumnado para a actividade profesional en relación cunha modalidade deportiva e facilitar a súa adaptación á evolución do mundo laboral e deportivo. Proporciona un Título oficial equivalente ao grao medio da formación profesional.

Grao	Acceso	2 Ciclos	Titulación
<b>MEDIO</b>	<p>Requisitos académicos:</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>- Graduado en ESO ou equivalente para efectos académicos e superar unha <i>proba específica</i> (deportiva),</li> </ul> <p><b>ou</b></p> <ul style="list-style-type: none"> <li>- Ter 17 anos e superar unha <i>proba de madurez</i> ademais da <i>específica</i>. A <i>proba de madurez</i> versará sobre as materias de LC., LG. Sociocultural e Científico-tecnolóxico propias do currículo da E.S.O. Poderase substituír pola proba de acceso a ciclos de grao medio de FP ou artes plásticas e deseño ou pola proba de acceso a universidade para maiores de 25 anos.</li> </ul> <p>Requisitos deportivos: superar unha <i>proba (específica)</i> na que se avalían as capacidades físicas e técnicas da especialidade correspondente.</p>	<p>-ciclo inicial</p> <p>-ciclo final</p>	Técnico/a deportivo/a

ESPECIALIDADES	GRAO MEDIO
Vela	Técnico/a deportivo/a en vela con aparello fixo
	Técnico/a deportivo/a en vela con aparello libre
Mergullo deportivo con escafandro autónomo	Técnico/a deportivo/a en mergullo deportivo con escafandro autónomo
Fútbol	Técnico/a deportivo/a en fútbol
Fútbol sala	Técnico/a deportivo/a en fútbol sala
Atletismo	Técnico/a deportivo/a en atletismo
Balonmán	Técnico/a deportivo/a en balonmán
Baloncesto	Técnico/a deportivo/a en baloncesto
Hípica	Técnico/a deportivo/a en hípica
Salvamento e socorrismo	Técnico/a deportivo/a en salvamento e socorrismo

Máis información <http://www.edu.xunta.es/web/taxonomy/term/212>



## PROGRAMAS DE CUALIFICACIÓN PROFESIONAL INICIAL (15-21 ANOS).

### ¿QUE SON?

---

Teñen como finalidade previr o abandono escolar antes da finalización da escolaridade obrigatoria e abrir novas expectativas de formación e titulación aos mozos e mozas en situación de desvantaxe sociolaboral e educativa. Teñen unha marcada vocación profesional, permiten a relación co mercado de traballo e facilitan a inserción laboral nunha actividade profesional de xeito cualificado. Proporcionan unha formación básica e profesional.

### ¿A QUEN VAN DIRIXIDOS?

---

A alumnado de idade comprendida entre os 15 e 21 anos cumpridos dentro do ano de inicio do programa, que non obtivera o Título de Graduado en Educación Secundaria e non tivera cursado con anterioridade outro PCPI( existen excepcións).

### ¿QUE RÉXIMES E MODALIDADES HAI?

---

Os PCPI poderán cursarse no **réxime ordinario** ou no **réxime integrado** a través de diferentes modalidades.

**RÉXIME ORDINARIO** os módulos profesionais impártense integramente no primeiro curso. Existen diferentes **modalidades**:

**Modalidade A:** desenvólense íntegramente nun I.E.S, agás a FCT.

**Modalidade B:** os módulos profesionais, agás a FCT, impártense nun centro educativo, e os módulos formativos de carácter xeral do 1º curso impártense noutro.

**Modalidade C:** MIXTOS, nos que os módulos formativos de carácter xeral do 1º curso se imparten en centros educativos e os módulos profesionais fóra deles. EXTERNOS, en que os módulos profesionais e formativos do 1º curso se imparten fóra dos centros educativos.

**RÉXIME INTEGRADO** os módulos profesionais impártense distribuídos nos dous cursos do programa e introdúcense, como propios deste réxime, dous módulos profesionais doutros perfís profesionais distintos ao programa. Existen as seguintes **modalidades**:

**Modalidade A:** desenvólense íntegramente nun I.E.S, agás a FCT.

**Modalidade B:** os módulos profesionais, agás a FCT, impártense nun centro educativo, e os módulos formativos de carácter xeral e os módulos voluntarios impártense noutro.

### ¿QUE ESTRUCTURA TEÑEN OS PCPI?

---

Os PCPI terán unha estrutura **modular** cunha duración de **dous cursos académicos**.

**Módulos Obrigatorios** : teñen por obxecto cualificar o alumnado para o desempeño da actividade profesional correspondente e o acceso aos ciclos formativos de grao medio. Serán de dous tipos:

- *módulos formativos de carácter xeral*: serán impartidos nos dous cursos académicos e organizaranse en ámbitos. No **1º curso** serán: ámbito de Competencia Comunicativa e Dixital I, Sociedade e Cidadanía I, Científico-Matemático I, Iniciativa Persoal e Relacións Laborais, Titoría. No **2º curso** completarán o desenvolvemento das competencias básicas que posibiliten cursar un ciclo formativo de grao medio. Os módulos serán Competencia Comunicativa e Dixital

II, Sociedade e Cidadanía II, Científico-Matemático II e módulo de formación complementaria de acceso a ciclos, titoría.

- *módulos específicos profesionais*: desenvolverán as competencias do perfil profesional que curse, inclúen unha FCT.

**Módulos voluntarios**: teñen por obxecto complementar a formación necesaria para obtención do título ESO. Serán impartidos no **2º curso** do programa e corresponde co módulo 4 do nivel II da EPA.

---

### ¿QUE TITULACIÓN PROPORCIONA?

---

O alumnado que teña superados todos os *módulos profesionais* de que se compón o PCPI recibirá unha certificación académica, que terá efectos de acreditación das competencias profesionais de nivel 1. O alumnado que teña superados todos os *módulos obrigatorios*, é dicir, os *módulos profesionais e módulos formativos de carácter xeral* recibirá unha certificación académica que permitirá o acceso aos ciclos formativos de Grao Medio. A superación de todos os módulos do programa dará dereito á obtención do Título de Graduado en Educación Secundaria Obrigatoria.

© **Máis información**: Orde do 13 de xullo de 2011 ( DOG 21 xullo 11)

© **Máis información**: <http://www.edu.xunta.es/fp/>

**OFERTA DE PROGRAMAS DE CUALIFICACIÓN PROFESIONAL INICIAL.**

FAMILIA PROFESIONAL	PROGRAMA DE CUALIFICACIÓN PROFESIONAL INICIAL
Actividades físicas e deportivas	PCPI de asistencia en actividades e en instalacións deportivas
Administración e xestión	PCPI de servizos administrativos
Agraria	PCPI de xardinaría e viveirismo
	PCPI de producións agrícolas
	PCPI de arranxos florais
	PCPI de aproveitamento forestal e conservación e mellora de montes
	PCPI de gandería
Artes e artesanías	PCPI de moldes e pezas cerámicas artesanais
Artes gráficas	PCPI de reprografía
	PCPI de operacións en industrias gráficas
Comercio e márketing	PCPI de comercio
Edificación e obra civil	PCPI de revestimentos de obra
	PCPI de albanelaría
Electricidade e electrónica	PCPI de instalacións electrotécnicas e de telecomunicacións
	PCPI de montaxe de redes eléctricas
	PCPI de montaxe e mantemento de equipamentos eléctricos e electrónicos
Fabricación mecánica	PCPI de fabricación mecánica
Hostalaría e turismo	PCPI de servizos de restauración

	PCPI de cociña
	PCPI de pastelería
	PCPI de aloxamento
Imaxe persoal	PCPI de peiteado
	PCPI de estética
Industrias extractivas	PCPI de pedra natural
Informática e comunicacións	PCPI de informática
Instalación e mantemento	PCPI de fontanaría, calefacción e climatización domésticas
Madeira , moble e cortiza	PCPI de carpintaría
Química	PCPI de almacenaxe en industrias e laboratorios químicos
Sanidade	PCPI de traslado e mobilización en centros sanitarios
Servizos socioculturais e á comunidade	PCPI de emprego doméstico
	PCPI de limpeza de edificios, locais e moblaxe
Téxtil, confección e pel	PCPI de costura
	PCPI tapizaría
	PCPI reparación de calzado e marroquinaría
	PCPI de cortinaxe e complementos de decoración
	PCPI de lavandaría
Transporte e mantemento de vehículos	PCPI de mantemento de vehículos
	PCPI de mantemento estrutural e superficial de embarcacións
Vidro e cerámica	PCPI de cerámica

## EDUCACIÓN SECUNDARIA PARA PERSOAS ADULTAS (NIVEL II).

Aqueles alumnos e alumnas que non obteñan o título de Graduado en Educación Secundaria poden intentar conseguilo nun centro de educación de adultos (EPA) ou nun centro ordinario autorizado a impartir ensinanzas de adultos. Existen dúas opcións: modalidade presencial ou a distancia ( con titorías presenciais ou titorías telemáticas) Poderase cambiar de modalidade unha vez rematado o cuadrimestre e incluso autorizar a matrícula simultánea nas modalidades presencial e a distancia.

### MODALIDADE PRESENCIAL

<b>DESTINATARIOS</b>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• <b>18 anos cumpridos no ano natural</b>, sen ningunha titulación.             <ul style="list-style-type: none"> <li>- Persoas que teñan cumpridos 16 anos con contrato de traballo e non poidan acudir aos centros educativos en réxime ordinario.</li> <li>- Deportistas de alto rendemento</li> <li>- Alumnado menor de 18 anos que teña cursado ensinanzas de adultos en anos anteriores.</li> <li>- Alumnado que teña superado os módulos obrigatorios dun PCPI.</li> <li>- Alumnado que non teña superado os módulos obrigatorios dun PCPI e esté inscrito como demandante de emprego.</li> <li>- <b>Excepcionalmente:</b> e previa autorización:                 <ul style="list-style-type: none"> <li>- Alumnado menor de dezoito anos que superara todos os módulos obrigatorios de primeiro curso de PCPI.</li> <li>- Alumnado que non poida aistir regularmente a un centro ordinario por enfermidade ou impedimento físico.</li> </ul> </li> </ul> </li> </ul>
<b>DURACIÓN</b>	Con carácter xeral, <b>dous cursos académicos</b> . Pero poderá permanecerse o tempo que se precise para a adquisición dos coñecementos establecidos.
<b>ORGANIZACIÓN</b>	<b>Tres ámbitos: científico-tecnolóxico, comunicación e social</b> (estructurados en <b>módulos</b> , de duración cuatrimestral). A matrícula para os módulos 1 e 3 é na 1º quincena de setembro e para os módulos 2 e 4 na 1º quincena de xaneiro
<b>ACREDITACIÓN</b>	<b>Título de graduado en educación secundaria</b> a todos aqueles alumnos e alumnas que acaden os obxectivos xerais establecidos. Cando non se acaden os obxectivos, o director/a do centro emitirá unha acreditación onde consten os niveis e módulos cursados así como a cualificación obtida.

### MODALIDADE A DISTANCIA

<b>DESTINATARIOS</b>	Aquelas persoas que, cumprindo o requisito de idade, non poidan asistir normalmente á clase.
<b>MEDIOS DIDÁCTICOS</b>	Os horarios serán flexibles e adaptados para facilitar a atención do alumno. Haberá titorías individuais e colectivas e os titores/as estarán a disposición do alumnado no horario establecido para atender calquera tipo de consulta.

@ Máis información: <http://www.edu.xunta.es/web/ea>

## OBTENCIÓN DO TÍTULO DE GRADUADO EN EDUCACIÓN SECUNDARIA MEDIANTE PROBA LIBRE.

**Pódense presentar a estas probas todas as persoas que teñan cumpridos dezaioito anos o día anterior á data na que se celebren as probas.**

